

Dirección de proxectos PMP

Descrición

Nas empresas o desenvolvemento de estratexias é fundamental para a consecución dos obxectivos. Non obstante, moitas empresas non logran desenvolver estas estratexias de xeito satisfactorio, é dicir a necesidade de ter persoas certificadas na división de xestión de proxectos para lograr o seu logro a través do desenvolvemento de proxectos e apoiar estes obxectivos estratéxicos. A certificación PMP é a acreditación profesional máis recoñecida no mundo da xestión de proxectos. É a credencial que indica que posúe coñecementos sólidos no desenvolvemento de boas prácticas de xestión de proxectos. Este curso prepara ao alumnado para o exame correspondente á 6ª edición que está dispoñible dende marzo de 2018, e se quere pode ser examinado en castelán.

Obxectivos

Que o alumnado coñeza os conceptos relacionados coa xestión de proxectos e o ambiente que poida influír na xestión dun proxecto. Que coñeza os procesos implicados na xestión de proxectos, o resultado destes, a información necesaria e as ferramentas e técnicas máis populares que se poden empregar na execución de cada un deles. Que aplique os conceptos no desenvolvemento de exercicios prácticos. Que coñeza os dominios, coñecementos e habilidades definidos no Esquema de contido de exame PMP® establecido polo Project Management Institute e que se evalúan no exame. Que adquira habilidade e velocidade para responder con éxito ás preguntas do exame.

Dirixido a

Está dirixido a aquelas persoas directoras de proxecto que teñan experiencia e desexen formalizar os seus coñecementos pasando o exame PMP.

Perfil do docente

A docente participou e dirixiu equipos de desenvolvemento de proxectos que implican o seu coñecemento en sistemas de información e análise de negocios. A súa traxectoria profesional desenvolveuse principalmente en Bos Aires e en España, como asesora de empresas de servizos e participando na xestión de empresas privadas de formación oficial e tamén como formadora.

Actualmente é Xerente de Formación en Tecnofor.

Máis de 25 anos en:

- Xestión en empresas de formación privada e oficial
- Selección, avaliación e formación de persoal directivo, administrativo, comerciais e instrutores/as.
- Desenvolvemento de produtos
- Formación en áreas de xestión e información.
- Asesoramento administrativo económico-financeiro para empresas de diferentes sectores.

Certificacións:

- ITIL Expert
- Trainer Certificado en ITIL
- Trainer Certificado en PRINCE2
- Trainer Certificado en CMDB
- COBIT: Authorized Certified Trainer
- PECB ISO/IEC 38500 IT Corporate Governance Manager

DURACIÓN	40 horas
PROGRAMA	Programación 2018/19
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	PMP de PMI
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.

Dirección de proxectos PMP

PERIODO INSCRICIÓN	22/05/2019 - 03/06/2019
PROBA DE SELECCIÓN	05/06/2019, 16:30
PERIODO DOCENCIA	17/06/2019 - 28/06/2019
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)

Temario

Módulos:

1. Introducción
2. Guía PMBOK
3. Procesos de xestión de proxectos
4. Xestión da integración
5. Xestión do alcance
6. Xestión do tempo
7. Xestión de custos
8. Xestión da calidade
9. Xestión de recursos humanos
10. Xestión de comunicacións
11. Xestión de riscos
12. Xestión de compras
13. Xestión de partes interesadas
14. Responsabilidade social e profesional